

SÁBADO 13 DE FEBREIRO 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | DURACIÓN: 70 min



BONECA LARETA
FILOSOLFANDO

Boneca Lareta volve reunir a Xabier Deive e Luís Iglesia nesta nova produción. É a continuación natural, tal vez a evolución necesaria, da anterior montaxe da produtora, **Sede de Mal**.

Nesta ocasión, os dous intérpretes soben ao escenario para reflexionar sobre unha cuestión simple, sinxela, do máis mundana, unha cuestión que é tan vulgar que lle acontece a calquera, mesmo a un ninguén: A existencia! Esa é a cuestión e non outra.

A filosofía proclama iso de que un ser humano "pensa, logo existe." Pero... de verdade facemos unha cousa antes ca outra? Deive e Iglesia comezan nese punto a interpretar a partitura da obra, escrita e dirixida polo actor e director teatral Diego Rey. Se en **Sede de Mal**, Boneca Lareta propúñanos unha comedia a doce cordas sobre o lado escuro da vida, agora as cordas soan ao redor do lado menos sensato desa mesma vida de claroscuros.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

INTÉRPRETES:
LUÍS IGLESIA E XABIER DEIVE

VENDA DE ENTRADAS

Entradas: 9,00€ (carné xove, +65 anos, persoas desempregadas, 7,00€)
Venda anticipada: 6,00€ (Ata o día anterior á función ás 23.59 h)

**DESPACHO CENTRAL DE BILLETES
DA PRAZA DE OURENSE**

De luns a venres, excepto festivos,
de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h
(só pago en efectivo)

DESPACHO DE BILLETES DO FÓRUM

Aberto só os días de función desde unha hora antes
(só se quedan entradas dispoñibles)

TELEVENDA: 902 044 226

(Luns a venres de 9 a 22 h, sábados de 14 a 22 h e domingos de 16 a 21 h)
www.ticketea.com

CICLO
SEN FÓRUM METROPOLITANO
NUMERAR



+ info www.coruna.es/cultura

Podes seguir a programación cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna



CICLO
SEN FÓRUM METROPOLITANO
NUMERAR

Primavera 2016



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



VENRES 26 DE FEBREIRO 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 70 min



TEATRO DO MORCEGO **MISTERIO CÔMICO**

Teatro do Morcego volve cunha nova versión de **Misterio cómico** ou orixinalmente **Misterio bufo**, texto de Darío Fo.

Escrito na súa primeira versión en 1969, continuamente representado e modificado en función da resposta do público, **Misterio bufo** está considerado xunto con **Muerte accidental de un anarquista** a obra máis importante de Darío Fo.

Fo quere contar a verdadeira historia, a do pobo, a que foi sempre marxina da cultura oficial, manipuladora e hipócrita. Indignado pola terxiversación que os popes culturais fixeron deste feito, como doutros temas, reivindica o verdadeiro coñecemento dun elemento esencial da cultura italiana, como é a súa tradición oral e escrita de teatro popular.

AUTOR: DARÍO FO
DIRECCIÓN: JÚLIO CARDOSO
INTÉRPRETE: CELSO PARADA

SÁBADO 12 DE MARZO 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 60 min



ESPECTÁCULO GANADOR DEL PREMIO DE TEATRO EN LA FERIA DE TEATRO DE CASTILLA-LEÓN CIUDAD RODRIGO 2014

PRODUCCIONES VIRIDIANA **LIGEROS DE EQUIPAJE CRÓNICA DE LA RETIRADA**

En 1939 casi medio millón de personas cruzaron a través de los Pirineos la frontera francesa. En aquel éxodo, había restos del ejército republicano pero también población civil, muchas mujeres niños. La mayoría iban a pie. Los caminos estaban colapsados. 30.000 personas al día cruzando la frontera.

El sur de Francia no se preparó para una "invasión" de ese calibre. Ni lo esperaban, ni fueron capaces de preverlo. En aquel momento vivían en el sur de Francia 250.000 personas. Los españoles fueron despojados de todo en la frontera. Muchos no volvieron nunca. Algunos murieron de frío, otros por los bombardeos o en los campos de concentración franceses.

Ligeros de equipaje pretende, con una historia de ficción creada con multitud de crónicas y testimonios, recuperar la verdadera historia de cientos de miles de personas. Una historia casi olvidada, perdida en el tiempo.

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

ESPECTÁCULO GANADOR DEL PREMIO DE TEATRO EN LA FERIA DE TEATRO DE CASTILLA-LEÓN CIUDAD RODRIGO 2014

AUTOR, DIRECTOR Y ADAPTADOR: JESÚS ARBUÉS
INTÉRPRETES: PEDRO REBOLLO Y JAVIER GARCÍA

VENRES 29 DE ABRIL 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 90 min



TEATRO DO ATLÁNTICO **O PRINCIPIO DE ARQUIMEDES**

Preferimos vivir nun mundo onde aínda é permitido un xesto de tenrura cun cativo, aínda que así queden fendas para os abusos, ou preferimos unha sociedade de seguridade reforzada que impón o control dos individuos para previr calquera risco?. A proliferación dos dispositivos de seguridade fai pensar que a escolla xa está feita. (Laurent Gallardo, tradutor da Maison Antoine Vitez)

Sobre a figura dun adestrador de natación con alumnos infantís, recae a sospeita, manifestada polos pais dos rapaces, de que puidera tratarse dun pederasta.

A sospeita -provocada por un feito con tantos argumentos para que sexa fundada como para que sexa absolutamente infundada-, medra pouco a pouco e alimenta o medo, esa sombra negra que, ao que parece, xa se converteu en presenza inevitable na nosa sociedade.

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

AUTOR: JOSEP MARÍA MIRÓ I COROMINA
DIRECCIÓN: XÚLIO LAGO
INTÉRPRETES: MARÍA BARCALA, TONI SALGADO, ALBERTO ROLÁN E MARCOS VIÉITEZ

VENRES 27 E SÁBADO 28 DE MAIO 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** XX min



EL RETRETE DE DORIAN GRAY **IN MEMORIAN**

IN MEMORIAN é un exercicio de apropiación de imaxes de persoas que morreron hai máis de cen anos. Un poema visual sobre a perda da memoria individual. Unha danza macabra fotográfica para celebrar o esquecemento. Un desfile fantástico de retratos animados á procura de si mesmos. Cando Percival morre, o seu retrato con bombín ve con impotencia como lle pasa por diante a película da súa vida nunha secuencia de fotos que acaban dentro dunha caixa de madeira. Perci entón inicia a persecución desa caixa que garda a súa memoria. Entra nun inframundo ausente de lóxica, habitado por fotografías dispostas a sucumbir ao seu destino. As imaxes vanse perdendo polo camiño. A caixa ábrese e alí dentro nese baleiro Perci descúbrese na máis inmensa soedade, participando nun baile frenético consigo mesmo por manter viva a súa memoria.

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

DIRECCIÓN: XESÚS RON
INTÉRPRETES: EZRA MORENO ESCUDERO E MARCOS PTT CARBALLIDO

VENRES 3 DE XUÑO 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 70 min



PREMIO DO PÚBLICO DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO (MIT) RIBADAVIA 2015

COME Y CALLA **COMO SI PASARA UN TREN**

Una historia llena de humanidad, y humor.

Con personajes errantes como protagonistas; que se enfrentan a sus dificultades cotidianas, luchan por sus deseos mundanos.

Susana (María Morales) y Juan Ignacio (Carlos Guerrero) viven solos en una pequeña ciudad de provincia. Juan tiene un retraso madurativo y parece un niño pequeño. A Susana no le fue fácil criar sola a Juan después de que el padre los abandonara. Quizás por eso lo sobreprotege tanto. Pero consiguió llegar a un equilibrio y a su forma de hacerlo.

Las cosas van a cambiar tras la llegada de Valeria (Marina Salas), una adolescente, sobrina de Susana, a la que la madre la manda "al campo" tras encontrarle un cigarro de marihuana y considerarla drogadicta.

AUTORA: LORENA ROMANÍN
DIRECCIÓN: ADRIANA ROFFI
INTÉRPRETES: MARÍA MORALES, MARINA SALAS E CARLOS GUERRERO